

Memoria xustificativa dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Confederación Galega de Asociacións Veciñais *Rosalía de Castro* e as súas federacións veciñais para o financiamento da programación e o desenvolvemento de actividades propias e gastos de funcionamento

1. Departamento que tramita o convenio

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o órgano da Administración autonómica que en virtude do previsto no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica (DOG núm. 101, do 27 de maio), ten atribuídas as competencias da Xunta de Galicia en materia de relacións coas entidades locais e coas demais institucións relacionadas co ámbito do poder local, en particular o fomento do asociacionismo veciñal.

Dentro deste departamento, correspóndelle á Dirección Xeral de Administración Local as relacións coas entidades locais e coas demais institucións relacionadas co ámbito do poder local. En particular, compételle á DXAL o fomento do asociacionismo veciñal (artigo 29.3.f) do citado 136/2024, do 20 de maio).

2. Antecedentes

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ten previsto asinar coa Confederación Galega de Asociacións Veciñais *Rosalía de Castro* e catro das súas federacións veciñais un convenio de colaboración para o financiamento da programación e o desenvolvemento de actividades propias e gastos de funcionamento das referidas entidades.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ten interese en contribuír á mellora da calidade da vida local, no marco da súa liña de colaboración coa Administración Local, mediante o estímulo da dinamización da vida interna das asociacións, na procura de ámbitos de convivencia colectiva, de harmonización social e de potenciación dos valores e finalidades socioculturais das organizacións veciñais de Galicia. Por tal motivo, atopa de interese impulsar o funcionamento da estrutura veciñal de Galicia, polo que supón de estímulo á realización de actividades que redundan na mellora da vida local que é o ámbito máis próximo e que inflúe de xeito máis directo na vida das persoas.

A necesaria aplicación de criterios de eficiencia na asignación dos recursos públicos, nun contexto de marco orzamentario estable, aconsellan a aplicación dos fondos dispoñibles para o funcionamento do asociacionismo veciñal a través de CoGaVe e catro das federacións que a compoñen, por ser esta a organización que agrupa ao maior número de asociacións e federacións de asociacións de veciños de Galicia, e a única que desenvolve unha actividade regular, práctica e eficaz no mantemento do tecido asociativo no ámbito das catro provincias de Galicia converxe así cos obxectivos da Consellería de impulsar o funcionamento da estrutura veciñal, de estimular a realización de actividades neste ámbito e de propiciar o desenvolvemento das asociacións que se constitúan para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños dos concellos de Galicia; en definitiva, traballar conxuntamente cara o obxectivo común de mellorar o benestar e a convivencia cotiá nos barrios e parroquias de toda Galicia.

3. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar o instrumento convencional ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2024.



4. Obxecto do convenio

O convenio ten por obxecto fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Confederación Galega de Asociacións Veciñais *Rosalía de Castro* e cinco das súas federacións veciñais, para o financiamento da programación e desenvolvemento de actividades propias e gastos de funcionamento das referidas entidades.

O obxectivo común é o estímulo da dinamización da vida interna das asociacións e o impulso do funcionamento da estrutura veciñal de Galicia, na procura de ámbitos de convivencia colectiva, de harmonización social e de potenciación dos valores e finalidades socioculturais das organizacións veciñais de Galicia, polo que supón de estímulo á realización de actividades que redundan na mellora da vida local que é o ámbito máis próximo e que inflúe de xeito máis directo na vida das persoas.

5. Fundamentos do convenio

As actividades en cuxa realización se pretende colaborar resultan de interese para a Xunta de Galicia polo que supoñen de potenciación e apoio ao funcionamento da estrutura veciñal de Galicia, e asemade redundan na mellora da calidade de vida local que é o ámbito máis próximo á cidadanía.

A Xunta de Galicia presta así un apoio especialmente necesario neste caso, considerando as particulares circunstancias de CoGaVe, a confederación veciñal de ámbito autonómico que mantén unha actividade e funcionamento regular ademais de ostentar unha maior representatividade, que veñen incidir nun contexto orzamentario necesariamente estable do que deriva, entre outras consecuencias, as dificultades para afrontar en solitario os compromisos económicos que o obxecto desta subvención representa para as federacións veciñais de Galicia, que precisan de apoio no mantemento dunha programación de actividades e dunha estrutura estable, por seren entidades necesarias na participación cidadá e, xa que logo, un dos elementos clave de vertebración da política e da vida local dos concellos galegos.

6. Aplicación orzamentaria e importe

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Dirección Xeral de Administración Local, achegará un importe máximo de 73.000,00 € distribuídos do seguinte xeito:

Entidade	Orzamento	Importe da subvención
Confederación Galega de Asociacións Veciñais <i>Rosalía de Castro</i> (CoGaVe)	50.052,40	42.600,00
Federación de Asociacións Veciñais da Coruña e Área Metropolitana	7.900,00	7.900,00
Federación de Asociacións de Veciños de Lugo Lucus Augusti	7.903,35	7.900,00
Federación de Asociacións de Veciños de Ourense <i>Limiar</i>	8.325,61	7.900,00
Federación de Asociacións de Veciños <i>Castelao</i> de Pontevedra	4.700,00	4.700,00
Federación de Asociacións Veciñais <i>Roi Xordo</i> de Ferrol	2.470,00	2.000,00
TOTAIS	81.351,36	73.000,00



A aplicación orzamentaria con cargo á que se financiará este convenio é a 35.04.141A.481.1 (CP 2015 00097 *Fomento do asociacionismo veciñal*) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2024.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto nos artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

7. Memoria económica (Instrución núm. 3 da IXCA)

Para os efectos do requirido na comprobación a) da Instrución núm. 3 da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma relativa ao contido mínimo das memorias económicas dos expedientes de gasto e ás comprobacións a realizar no marco do control interno respecto destas, este gasto ten natureza de gasto corrente, e ten un orzamento total de 81.351,36 € tal e como se consigna no cadro 1.1. Cadro xeral incluído no anexo I da devandita instrución:

Cadro xeral 1.1		
Orzamento desagregado por actividades e tipoloxía de gasto		
Descrición	Tipoloxía de gastos subvencionables	Importe
Gastos de mantemento da sede social (limpeza, alugueiros, luz, auga, teléfono, ...)	Servizos	4.576,86 €
Gastos de desprazamento e axudas de custo	Servizos	8.677,69 €
Actividades sociais, xornadas de traballo, debates, conferencias, actividades culturais e formativas	Servizos	22.157,02 €
Subministracións de material para actividades e funcionamento	Subministración	2.900,83 €
Gastos de persoal	Gastos de persoal	34.993,36 €
Prezo		73.305,76 €
IVE (21%)		8.045,60 €
Orzamento total		81.351,36 €

O proxecto subvencionado non inclúe gastos recorrentes nin o orzamento se referencia a prezos unitarios, polo que non procede a inclusión dos cadros 1.2., anexo II – modelo cadro orzamento desagregado por tipoloxía de gasto para gastos recorrentes nin anexo III – cálculo do orzamento con prezos unitarios.

Polo que se refire aos gastos de persoal, estes detállanse no cadro seguinte que se corresponde co modelo do cadro 1.2 Detalle cadro de persoal da instrución:



Categoría profesional	Salario anual	Complementos	Seguridade social	Outros	TOTAL
Auxiliar administrativo	14.424,30	0,00	5.590,10	0,00	20.014,40
Monitora de talleres	6.615,00	0,00	38,35	0,00	6.653,35
Auxiliar administrativo	6.200,05	0,00	2.125,56	0,00	8.325,61
TOTAIS	27.239,35	0,00	7.754,01	0,00	34.993,36

Con respecto ao punto e) da instrución da Instrución núm. 4 da IXCA, insírense os datos requiridos no cadro do anexo IV – Modelo cadro de fitos e obxectivos:

Plan estratéxico	Planificación de fondos europeos	Actividade	Indicador	Fito
PEG	N/A	Fomento do asociacionismo veciñal	P00196 - Número de proxectos subvencionados	5

Por último, para dar cumprimento ao requirimento da letra f) da instrución da IXCA, procédese a territorializar a concesión da subvención que se instrumentará mediante o convenio que nos ocupa:

Provincia	Entidade beneficiaria	Importe proposto para concesión
A Coruña	2	9.900,00 €
Lugo	2	50.500,00
Ourense	1	7.900,00
Pontevedra	1	4.700,00
TOTAL	6	73.000,00 €

8. Coherencia co Plan estratéxico de Galicia

Estímase que esta actuación é coherente co Plan estratéxico de Galicia, correspondéndose cos seus:

- Eixo E4_Eixe 4, "Cohesión social e territorial"
- Prioridade de actuación PA04, "Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única"
- Obxectivo estratéxico E01, "Impulsar a cohesión territorial e a ordenación urbanística do territorio galego respectando a paisaxe de Galicia e potenciando os valores naturais da mesma. Vertebración dixital e mellora da conectividade do territorio. Fomentar a accesibilidade do solo industrial"
- Obxectivo operativo OO09, "Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico"

Unha vez consultada a pantalla de indicadores de proxectos do sistema contable Xumco2, constátase que o indicador de seguimento vixente para o proxecto 2015 00097 *Fomento do asociacionismo veciñal*, é o P00196/Número de proxectos subvencionados, cun valor previsto de 5.



Estímase que, coa subscripción deste convenio e a realización das actuacións previstas ao seu abeiro, supérase o dito valor de realización de 5 proxectos subvencionados, que se corresponden coas actividades respectivamente programadas por cada unha das entidades beneficiarias:

Indicador	Tipo Indicador	Valor previsión	Valor de realización asignado
P00196/Número de proxectos subvencionados	5-PEG	5	6

Con carácter previo á sinatura do convenio deberán solicitarse os informes preceptivos da Asesoría Xurídica e da Intervención Delegada.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Administración Local

Natalia Prieto Viso

(Documento asinado dixitalmente na marxe)

